



XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

ICANN INTERNET CORPORATION
4676 ADMIRALTY WAY, SUITE 330
MARINA DEL REY, CA 90292
UNITED STATES OF AMERICA

Ante a apertura do proceso de solicitude de novos dominios xenéricos de primeiro nivel (gTLD), a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (anteriormente Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica) desexa poñer no seu coñecemento que:

- Segundo o artigo 6 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías. Do mesmo xeito, tamén lle corresponde o impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outros órganos do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Doutra banda, a Xunta de Galicia, en cumprimento do mandato contido no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, está a potenciar a utilización do galego en todas as órdenes da vida pública, cultural e informativa, correspondéndolle, en aplicación do disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega.

- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia apoia a candidatura ao gTLD para a comunidade lingüística e cultural ("gal"), remitida á ICANN (Internet Corporation for Assigned Names and Numbers) pola Asociación Puntogal, ao

galicia



XUNTA DE GALICIA

amtegoa
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

considerar que contribuirá ao impulso dun dominio propio para a comunidade cultural e lingüística galega e, na súa consecuencia, a unha maior integración da Comunidade Autónoma de Galicia na Sociedade da Información que contribuirá directamente ao crecemento económico, á creación de emprego e á mellora da calidade de vida dos seus cidadáns. Coa finalidade antedita, a Xunta de Galicia leva colaborando coa Asociación Puntogal desde o ano 2007.

- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia é coñecedora de que a Asociación Puntogal é unha entidade sen ánimo de lucro, na que colaboran máis de cen organismos da comunidade lingüística e cultural galega (institucións culturais e lingüísticas de Galicia, colectivos da emigración e de asociacións de base que traballan pola promoción do galego, etc).


Con base nas consideracións anteriores, esta axencia comunica á ICANN o seu apoio expreso á candidatura dun dominio para a comunidade cultural e lingüística galega ("gal") remitida pola Asociación Puntogal.

Para calquera dúbida ou aclaración, os datos de contacto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia son:

*Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
Edificio Administrativo San Caetano s/n
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
Tel.: 981 545 520; Fax: 981 544 706; Correo-e: sxmit@xunta.es*

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2012

Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia


María Pereira Varela

AXENCIÀ PARA LA MODERNIZACIÓ TECNOLÓGICA DE
XUNTA DE GALICIA

galicia